

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O ACORDO POLO QUE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO ORGANIZARÁN OS CAMPIONATOS GALEGOS DE RALLYS EN 2017

- *Ao abeiro deste acordo, a Secretaría Xeral para o Deporte concederalle á Federación Galega de Automobilismo unha subvención por un importe máximo 103.500 euros para a realización, no ano 2017, dos rallys de asfalto, montaña e rallymix*
- *Este convenio súmase ao asinado no mes de abril coa Federación Galega de Automobilismo que posibilita o acceso dos cidadáns á práctica da actividade deportiva federada levada a cabo polas federacións como axentes colaboradores para a promoción das súas respectivas modalidades deportivas para o exercicio 2017*

O Consello da Xunta acaba de dar luz verde ao acordo polo que se posibilita a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Federación Deportiva Galega de Automobilismo para a organización dos campionatos galegos de rallys -rallys de asfalto, montaña e rallymix- durante o ano 2017, por importe de 103.500 euros.

Ao abeiro deste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización, no ano 2017, dos rallys de asfalto -XXI Rally da Coruña (7.000 euros); XXIII Rally do Cocido (8000 euros); XXXIII Rally Ría de Noia (7.000 euros); XXX Rally Ría de Narón (8000 euros); XIV Rally Sur do Condado (8000 euros); VI Rally Ourense- Ribeira Sacra (7000 euros); XXXIX Rally San Froilán (8000 euros); X Rally Comarca da Ulloa (7000 euros); I Rally Ría de Vigo (7000 euros)-, rallys de montaña -X Subida Santa M<sup>a</sup> de Oia (3.500 euros); V Subida á Pontenova (3500 euros); XX Subida a Pontevedra (3500 euros); XLIV Subida a Chantada (3500 euros); IV Subida ás Pontes (1000 euros); II Subida a Pontecaldelas (2.000 euros); I Subida Cercedo- Cotobade (1000 euros); XVIII Subida a Escusa-Poio (2.000 euros); XXIII Subida á Estrada (2000 euros)-, e Rallymix -I Rallymix Cuntis Vila Termal (2.000 euros); IV Rallymix da Gudiña (2125 euros); II Rallymix de Moraña (2.000 euros); II Rallymix de Piñor (2000 euros); III Rallymix Terra de Xallas (2125 euros); II Rallymix de Touro (2125 euros); IV Rallymix de Barbadás (2125 euros)-.

Este convenio súmase ao asinado no mes de abril entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Automobilismo, no marco dos convenios asinados polo ente autonómico coas 59 federacións deportivas galegas, e que posibilita o acceso dos cidadáns á práctica da actividade deportiva federada levada a cabo polas federacións deportivas como axentes colaboradores para a promoción e desenvolvemento das súas respectivas modalidades deportivas para o exercicio 2017. O obxecto dos convenios é regular a colaboración entre as partes asinantes co fin de

realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funcións e cometidos que, conforme a lei, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade. O convenio asinado coa Federación Galega de Automobilismo ascendeu ata os 39.385,50 euros.